



COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE 2018

O INCUMPRIMENTO, POR PARTE DO DIRECTOR XERAL DE XUSTIZA XOSÉ TRONCHONI E DA SUBDIRECTORA XERAL VERÓNICA TELLADO, DO ACORDO DE 2018 ACABAN COA “PAZ SOCIAL” E IMPULSAN ÓS MESMOS, CASO DE CONFIRMARSE, Á SÚA DIMISIÓN!!!

A FALTA DE ESPÍRITU NEGOCIADOR E A BUSCA DE ESCUSAS LEVAN Ó DIRECTOR XERAL DE XUSTIZA A DICIR QUE NON PROCEDE A APLICACIÓN DA CLÁUSULA DE REVISIÓN DO ACORDO DE 2018, Ó CONSIDERAR A CARREIRA PROFESIONAL UN COMPLEMENTO AUTONÓMICO (escúsase en que a día de hoxe solo existe en Galicia) E POLO TANTO, COA SUMA DA MESMA, A SITUARNOS NAS 3 PRIMEIRAS POSICIÓN EN CANTO A RETRIBUCIÓN AUTONÓMICAS SE REFIRE.

SPJ-USO, UGT e CCOO ACUDIRÁN Á VÍA XUDICIAL PARA ESIXIR O ÍNTEGRO CUMPRIMENTO DO ACORDO PUBLICADO NO DOGA DE 30/5/2018.

Na Comisión de Seguimento do Acordo de 2018, o Director Xeral de Xustiza, con toda a súa prepotencia, deixou clara a súa falta de vontade negociadora e o seu descoñecemento do acordo acadado coa anterior DXX no ano 2018, aportando unhas táboas de retribucións autonómicas onde, ó sumar o CAT ou COMPLEMENTO ESPECÍFICO os grados 1, 2 ou 3 de Carreira profesional, Galicia está, segundo el no podio de retribucións autonómicas a nivel estatal. Tecnicamente considerar a Traxectoria Profesional como unha retribución estatal coa escusa de ser Galicia o único territorio que a cobre é unha aberración. En concreto, segundo as súas contas, no ano 2024 os Xestores, os Tramitadores e os Auxilios están de terceiros (tras o País Vasco e Madrid), e os Forenses de primeiros, en canto a retribucións autonómicas.

Os asinantes do Acordo (SPJ-USO, UGT e CCOO) esixímoslle a aplicación inmediata da cláusula xa que non é certo que a Carreira Profesional forme parte do CAT ou do CE, senón que se trata dunha contía adicional aos mesmos e que, polo tanto, no se pode ter en conta para facer os cálculos respecto aos demais ámbitos territoriais. A Carreira Profesional é voluntaria, o CAT e CE non.

Recoñecemos o enxeño desta nova DXX na interpretación do acordo, mais lembramos que no artigo 1 do acordo establécese claramente que:



Os complementos retributivos de determinación autonómica son: 1. Complemento autonómico transitorio. 2. Complemento específico.

Estes complementos serán revisados anualmente no terceiro trimestre de cada ano, para os efectos de que a modificación se poida incluír na lei de orzamentos de cada ano, coa finalidade de garantir que os traballadores da Administración de xustiza de Galicia manteñan unha posición por riba da media dos ámbitos territoriais con competencia en materia de xustiza, no que aos complementos retributivos de determinación autonómica se refire.

Posteriormente, xa no artigo 10 recóllese o compromiso de desenvolver a carreira profesional.

A maiores non debemos esquecer que:

- Para cobrar Carreira Profesional hai que cumprir determinados requisitos, no CA/CE non..
- As contías que se perciben por Carreira Profesional son variables, dependen do grao e do tramo, no CAT e no CE non.
- **No ano 2022 aplicouse a cláusula de revisión (a xestores e forenses) sen ter en conta a Carreira Profesional, polo tanto xa existe un precedente.**

E non debemos de esquecer que case o 20 % dos funcionarios da Xustiza galega, por diferentes motivos, non están a cobrar a carreira profesional, ou polo menos non na súa integridade.

O Director Xeral non amosou ningunha intención de mudar a súa postura, polo que os tres sindicatos avisámoslle das consecuencias xurídicas que isto levará a máis de ruptura da paz social provocada pola falta de vontade da Administración na aplicación do Acordo, o cal se suma á falta de diálogo social deste Director Xeral e da Subdirectora de Persoal cos sindicatos dende a súa chegada a Dirección Xeral, e incrementa a longa lista de imposicións e incumprimentos que nestes dous últimos anos vimos soportando.

SR. TRONCHONI E SRA. TELLADO: BASTA XA DE IMPOSICIÓNS E DE OCURENCIAS!!!

CUMPRIMENTO DO ACORDADO XA!!!